

# SGHN. Documento de posición

## Granxas industriais

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental deberá verificar coidadosamente a documentación relativa aos predios onde se contempla aplicar os zurróns ou o esterco como abono orgánico e confirmar que:

- Son propiedade do promotor ou que o promotor demostra fidedignamente a autorización válida do seu propietario, incluído, de ser o caso, a comunidade de montes veciñais en man común.
- Non constan xa como superficie agraria útil para a aplicación de abonos orgánicos procedentes doutras granxas.
- Son axeitados para a aplicación de abonos orgánicos segundo o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias.
- Non inclúen hábitats de conservación prioritaria na UE segundo a Directiva 92/43/CEE e que, no caso de incluír hábitats de interese segundo a devandita Directiva, a aplicación dos abonos orgánicos se fará conforme ás recomendacións de xestión para garantir a súa conservación.
- Non inclúen hábitats de especies recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas ou, de ser o caso, que a aplicación dos abonos orgánicos se fará conforme ás recomendacións de xestión contemplados nos respectivos Plans de Conservación ou Recuperación, elaborados ou en elaboración.
- O incremento de UGM (unidade ganadera mayor) por unidade de SAU (superficie agraria útil de España) debido ao proxecto non leve aparelado que se sobrepasen os niveis de carga gandeira recomendados pola UE:
  - No polígono da concentración parcelaria onde se sitúan as parcelas.
  - Na parroquia onde se sitúan as parcelas no caso de que non estea feita a concentración parcelaria.

Santiago, a 29 de decembro de dous mil dezanove.